

DUATLÓN ESCOLAR CONCELLO DE XERMADE FINAL PROVINCIAL DE LUGO-XOGADE

REGULAMENTO

Organiza:

Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial

Email: trifluvial@yahoo.es

Persoa de contacto: Adrián Vázquez Fernández

Teléfono: 646609171

Federación Galega de Triatlón e PM

Concello de Xermade

Patrocina e promove:

Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia

Colaboran:

Deputación Provincial de Lugo

Datos da proba:

Final Provincial de Dúatlón Escolar de Lugo. Dirixida a deportistas inscritos e inscritas no programa XOGADE, na actividade deportiva escolar de Duatlón da provincia de Lugo, das categorías benxamín, alevín e infantil e cadete, clasificados nas fases previas .

A proba rexeráse segundo as normativas vixentes do [Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar](#) que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Triatlón e P.M. e da Federación Española de Triatlón. <https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

Saída, transición e meta:

Na praza do Concello de Xermade.

Recollida de dorsais:

A través de Técnico/Delegado do Club.

A partir das 14:00 h. Na carpa de organización ata 20' antes de cada saída.

Datas e horarios das carreiras:

Sábado 29 de abril de 2023

	CARREIRA 1	BICI	CARREIRA 2	CÁMARA Chamada	HORA
BENXAMÍN (2014-2015)	400m	2000m	200m	15:20	15:30
ALEVÍN (2012-2013)	800m	4000m	400m	15:55	16:05
INFANTIL (2010-2011)	1200m	6000m	600m	16:35	16:45
CADETE (2008-2009)	1600m	8000m	800m	17:35	17:45

- Entrega de premios 15 minutos despois do remate do último

OS HORARIOS PODERÁN SUFRIR VARIACIÓNS EN FUNCIÓN DA INSCRICIÓN NA PROBA SE HOUBESE QUE DIVIDIR SAÍDAS

Inscricións:

Inscrición gratuíta. (Só deportistas clasificados nas fases previas, da actividade deportiva escolar de dúatlon, do programa Xogade da provincia de Lugo).

Ata o martes 25 de abril de 2023. Enviar folla de inscrición (excell anexo) ao correo electrónico: fegatri@hotmail.com con copia a deportes.lugo@xunta.gal **ata as 14:00 horas**.

Procedemento Control de Material

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto na entrada do control. Os/as deportistas presentaranse na entrada do control de material identificados, levando xa todos os dorsais colocados (corpo/bici/casco) e o casco posto e abrochado.

Cronometraxe Manual

O dorsal deberá ir á fronte, totalmente visible, collido polas catro esquinas, con calquera medio de suxeición que o garanta.

Saída

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, os oficiais e persoal de organización indicarán cando deben porse na liña de pre-saída.

Chegada a Meta

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, continuarán o camiño para saír da zona de post-meta e irán recoller a bicicleta.

Premios

Medallas aos/ás tres primeiros/as da clasificación individual en cada categoría e sexo.

CONSIDERACIÓNS

A zona de TRANSICIÓN será de acceso exclusivo de participantes e organización. Así como adestradores/as cando non haxa competición.

CATEGORÍAS E CIRCUITOS

BENXAMÍN

Carreira a pé: 1 volta (400 metros)

Bicicleta: 1 volta (2000 metros)

Carreira a pé: 1 volta (200 metros)

ALEVÍN

Carreira a pé: 1 volta (800 metros)

Bicicleta: 2 voltas (4000 metros)

Carreira a pé: 1 volta (400 metros)

INFANTIL

Carreira a pé: 1 volta (1200 metros)

Bicicleta: 2 voltas (6000 metros)

Carreira a pé: 1 volta (600 metros)

CADETE

Carreira a pé: 1 volta (1600 metros)

Bicicleta: 4 voltas (8000 metros)

Carreira a pé: 1 volta (800 metros)

